



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 11 DE FEBREIRO DE 2021

En Laxe, sendo as 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2021, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria e urxente, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dña. Raquel Lema Allo (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dña. Sandra Mouzo Pose (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asisten os seguintes concelleiros:
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Dña. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
Dña. Bárbara Varela Álvarez
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- DECLARACIÓN DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DE ANTONIO CASTRO LEMA.

Xustifícase a urxencia polo propio contido da sesión.

Antes de dar comezo o Pleno, a Corporación municipal garda un minuto de silencio, transcurrido o cal dase lectura o acordo unánime dos membros asistentes ao Pleno:

Falecendo, no día de onte, D. Antonio Castro Lema, primeiro Alcalde Presidente do noso Concello tras as primeiras eleccións municipais en 1979 e tendo en conta a consideración que, como representante de todos os laxenses durante o período que durou a súa lexislatura e a importancia do papel político, social e o valor institucional da representación de quen foi o primeiro alcalde democrático de todos o laxenses.

Como testemuño da dor do pobo de Laxe, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar tres días loito oficial no municipio de Laxe con efectos desde as 00.00 horas do día 11 de febreiro de 2021 ata as 23.59 horas do día 13 de febreiro de 2021, polo falecemento de Don Antonio Castro Lema, quen foi Alcalde de Laxe desde 1979 até 1999, durante os cales as bandeiras en todos os edificios municipais ondearán a media hasta.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Segundo: Mostrar a condolencia e solidariedade do Pleno deste Concello e de todos os veciños de Laxe á familia de Don Antonio Castro Lema.
En Laxe, a 11 de febreiro de 2021*

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 14:05 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e connigo o lltmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.